



CALENDARIO LABORAL E HORARIO DE TRABALLO PARA O ANO 2016

De conformidade coa Resolución do 19 de outubro de 2015, da Dirección General de Empleo (BOE do 22 de outubro de 2015) e co establecido no Decreto 103/2015, do 15 de xullo, da Xunta de Galicia (DOG do 24 de xullo de 2015) polo que se determina o calendario laboral para o ano 2016, as festas laborais, de carácter retribuído e non recuperable, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 serán as seguintes:

1 de xaneiro	Ano novo
6 de xaneiro	Reis
24 de marzo	Xoves Santo
25 de marzo	Venres Santo
17 de maio	Día das Letras Galegas
24 de xuño	San Xoán
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	A Asunción
12 de outubro	Festa Nacional de España
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	Inmaculada Concepción

Segundo dispón a Resolución da Secretaría Xeral de Emprego do 26 de novembro de 2015 (DOG do 9 de decembro de 2015), as festas de **carácter local**, inhábiles para os efectos laborais, retribuídas e non recuperables para o ano 2016 son:

CONCELLO DA CORUÑA:	9 de febreiro: Martes de Entroido 7 de outubro: Nosa Sra. do Rosario
CONCELLO DE FERROL:	7 de xaneiro: San Xiao 28 de marzo: Nosa Sra. de Chamorro
CONCELLO DE OLEIROS:	9 de febreiro: Martes de Entroido 28 de marzo: Luns de Pascua

Segundo o disposto na instrucción Décimo segunda 4 da Resolución do 12 de marzo de 2013 da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas (DOG do 20 de marzo de 2013) e na Resolución da Xerencia da UDC do 23 de novembro de 2006, os días **24 e 31 de decembro** permanecerán pechadas as oficinas públicas.

Así mesmo e segundo a dita Resolución da UDC, o **día da inauguración do curso académico** e o **día 29 de xaneiro**, como día da Universidade, son inhábiles para efectos lectivos e laborais. Así mesmo terá a condición de non laborable para o persoal destinado nos centros, o día do patrón.

HORARIO DE TRABALLO (de luns a venres)	
HORARIO XERAL Mañá: de 07:45 a 15:15 horas Tarde: de 14:30 a 22:00 horas Xornada partida: de 08:30 a 14:00/15:30 a 17:30 Semana laboral de 37,5 horas	HORARIO DE VERÁN (do 15 de xuño ao 31 de agosto) Mañá: de 08:45 a 14:45 horas Tarde: de 14:45 a 20:45 horas Semana laboral de 30 horas Horario Atención ao Públco: de 09:00 a 14:30
HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN ADMINISTRACIÓN XERAL De 08:30 a 14:30 horas	

A Coruña, 12 de maio de 2016

O xerente



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Juan M. Díaz Villoslada